



DIRECCIÓN DE ENFERMARÍA DA ÁREA SANITARIA A CORUÑA E CEE

CONVOCATORIA INTERNA PARA O PERSOAL CON PRAZA FIXA NA ÁREA DETERMINADA DE BLOQUE CIRÚRXICO DO HOSPITAL UNIVERSITARIO A CORUÑA E HOSPITAL TERESA HERRERA

A Dirección de Enfermaría da Área Sanitaria A Coruña e Cee

RESOLVE

A convocatoria de postos de DUE conforme ás seguintes

BASES:

Primeira: Poderán participar DUE do Bloque Cirúrxico do HUAC e HTH tendo preferencia a orde que segue:

- 1º Persoal con praza nos quirófanos do HUAC
- 2º Persoal con praza nos quirófanos do HTH

Segunda: Características dos postos que se convocan:

- **DUE quirófano de Cirurxía Cardíaca adulto/infantil**
- Colectivo: J.E.Q3
- Nº de postos vacantes: 3
- Rotatorio simple + Gardas localizadas (22 a 8 horas)
- A organización do traballo quedará supeditada á organización interna do equipo

Terceira: A cobertura farase segundo os criterios de mobilidade en área determinada recollidos na base décimo segunda da convocatoria do concurso de mobilidade interna do persoal estatutario fixo do 16 de xaneiro do 2024.

Cuarta: O criterio de adxudicación será o de antigüidade como propietario/a na Unidade, sendo de aplicación no caso de empate o baremo xeral contido nas bases da convocatoria do concurso de mobilidade interna do persoal estatutario fixo do 16 de xaneiro do 2024.

Quinta: As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Complexo Hospitalario, mediante escrito dirixido á Dirección de Enfermaría no prazo de 7 días naturais a contar dende o día seguinte a data de publicación da convocatoria nos taboleiros da unidade e na páxina do Espazo Profesional.

A Coruña, a 5 de Marzo de 2026

Asdo: Enrique González Rodríguez
Director de Enfermaría